

Feijoo e o maltrato dos animais

Claudio Rodríguez Fer

Como é sabido, Benito Jerónimo Feijoo deu mostras dunha preocupación polos animais tan intensa como extensa. A súa atención, respecto, conmiseración e ternura polos irracionais pode examinarse con detalle en todo un significativo volume analítico e compilatorio de Enrique Chao Espina¹.

Na Carta XXVII, do tomo III de *Cartas eruditas y curiosas*, que trata sobre «Si es racional el afecto de compasión respecto de los irracionales»², Feijoo exténdese en consideracións diversas, fundamentalmente psicolóxicas para Ramón Otero Pedrayo³, en torno ao feito de que os humanos conmiserativos cos animais o son tamén coas persoas, mentres que os crueis con aqueles soen maltratar aos seus semellantes:

Es para mí certísimo que este genio conmiserativo hacia las bestias prueba un gran fondo de misericordia hacia los de su propia especie, en lo que me confirma también el Crisóstomo, citado arriba, cuando dice que quien es compasivo hacia un bruto, mucho más lo será respecto de otro hombre: *Qui misericordiam exercet in jumentum, majus illam exercebit in fratrem consanguineum.*

Y al contrario, siento que en un corazón capaz de sevicia hacia las bestias, no cabe mucha humanidad hacia los racionales. Ni puede persuadirme a que quien se complace en hacer padecer a un bruto, se doliese mucho de ver atormentar a un hombre (p. 112).

Indo máis alá, a xenealoxía do homicidio establecida por Feijoo a partir de Plutarco arrinca precisamente do sacrificio dos animais:

Plutarco, en la Oración segunda *De esu carniū*, sospecha que en las muertes de los brutos se fueron poco a poco ensayando los hombres para matarse unos

1. Enrique Chao Espina, *La zoología y los animales en la obra del Padre Feijoo*, Sada-A Coruña: Edición do Castro, 1983.

2. Benito Gerónimo Feijóo y Montenegro, «Si es racional el afecto de compasión respecto de los irracionales», *Cartas eruditas y curiosas*, tomo III, Madrid, 1750, cit. pola edición de Agustín Millares Carlo, *Cartas eruditas*, Madrid: Espasa-Calpe, 1969, pp. 107-118.

3. O biógrafo de Feijoo sitúa este escrito no «grupo de sondeos psicolóxicos», Ramón Otero Pedrayo, *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias*, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijóo», 1972, p. 238.

a otros. Al principio, dice, nadie comía carne; sólo se sustentaban de los frutos de la tierra. Sucedió que después, matando alguna fiera, se tentó a probar de aquel alimento. Pasaron luego a hacer lo mismo con algún pez o ave indomesticable, cogidos en la red. Ya hechos a mirar sin horror la sangre de esas bestias, o enemigos o nada sociables, tuvieron menos que vencer en ensangrentar las manos en la inocente, pacífica y doméstica oveja, que en su lana les tributaba el vestido, parando últimamente la costumbre, ya inveterada, de verter sangre ajena, en enfurecerse contra la de su propia especie: *Atque ita crudelitas, illo gustu imbuta et in illis coedibus prius exercitata, ad ovem quae nos vestimentis induit et gallum gallinaceum domesticum progressa est. Et ita sensim collectis viribus ad hominum coedes, neces et proelia pervenit* (pp. 112-113).

Entre os exemplos de represión da crueldade cos animais aducidos por Feijoo, figuran tres aportados, respectivamente, por Plutarco, por Quintiliano e por Famiannus Strada:

Los atenienses, que fueron los más racionales de todos los gentiles, no sólo miraron esto como indicio de corazón poco piadoso, más aún de positivamente cruel. Y así castigaron severamente, según Plutarco, al que desolló vivo a un carnero; y según Quintiliano, al muchacho que tenía por juguete quitar los ojos a las codornices. Y el Padre Famiano Estrada aprueba el dictamen de los que notando que el príncipe Carlos, hijo de Felipe II, siendo niño, se deleitaba en matar por su mano y ver muriendo palpitantes las liebreillas pequeñas, hicieron concepto de su índole despiadada y feroz (p. 112).

O exemplo extraído de Quintiliano, referido «al muchacho que tenía por juguete quitar los ojos a las codornices», procede, como nos indicou o latinista Andrés Pociña, de *Institutio Oratoria*, v. 9, 13: «*Nec mihi videntur Ariopagitae, cum damnauerint puerum coturnicum oculos eruenter, aliud iudicasse quam id signum esse perniciosissimae mentis multisque malo futurae, si adoleuisset*».

Pero tanto a pasaxe de Quintiliano como a súa evocación por parte de Feijoo traen inmediatamente á memoria o poema «Xogo ruín», de Luís Pimentel:

Aquil neno
 pincháballe os ollos
 ós paxaros;
 e gustáballe ver saír
 esa gotiña
 de ar e de lus,
 ise rocío limpo
 de mañanciñas frescas.

.....

Logo botávoas
 a voar

e refáse de velos
toupar contra o valado
da sua casa,
con un ruído
moy triste.

.....

Creceu e foy de aqueles⁴.

Como Quintiliano e Feijoo, Pimentel fala aquí da crueldade infantil como premonición da adulta, pero tamén da crueldade humana en xeral no trato cos animais, que pola súa indefensión sempre conmovéron ao poeta. Aínda que non se concreta quen son «aqueles», parece evidente que se refire aos nenos que ao chegar a maiores se caracterizan pola súa crueldade na vida adulta, como os que actuaron criminalmente na guerra civil que tanto afectou a Pimentel⁵. Ademais, tendo en conta que o poema se publicou na postguerra, pode tratarse dun recurso de ocultación para evitar a censura franquista, aínda que tamén poida ser un procedemento para lle dar máis ambigüidade ao texto e dotalo así dunha maior riqueza de interpretacións.

En calquera caso, Pimentel comparte con Quintiliano e Feijoo o dobre tema central do seu poema: a crueldade infantil como premonición da adulta e a crueldade cos animais como anticipación da crueldade coas persoas. Así mesmo, sívese do mesmo motivo argumental que Feijoo tomara de Quintiliano para ilustrar tal temática: a do neno que se divirte cegando aves.

Pero se o motivo da ave cegada por divertimento se remonta á antiga Roma de Quintiliano, o razoamento de que o maltrato infantil dos animais é prelude da ferocidade adulta aparece explícito no libro VII da publicación romana *De bellum belgico decades duae* (1640-1643), debida a Favianus Strada. Seguramente, pois, antes de Quintiliano, entre este e Favianus Strada e desde entón a Pimentel debe haber numerosos elos inconexos dunha mesma cadea polixenética, na que Feijoo é máis un antecedente ca unha fonte.

Orabén, tamén despois de Pimentel encontramos na literatura galega o motivo do maltrato dos paxaros por parte dun neno como premonición da súa personalidade homicida ao chegar a adulto. Tal ocorre, en efecto, no conto «Prólogo» de *Elipsis e outras sombras*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, onde o neno protagonista, que acabará sendo un criminal fascista durante a guerra civil, comenza a matar, precisamente, a cría dunha ave:

Lisardito Portela de Lis incíase na arte de matar (que matará, co tempo, magnificamente) cando aperta na manciña branca, antre os dedos manteigosos, o corpo apenas latexante que vibra coma unha especie de volvoreta,

4. Luís Pimentel, *Sombra do aire na herba*, Vigo: Galaxia, 1959, p. 81. Trátase dun manuscrito datado en xullo de 1949.

5. Anxel Fole e Ramón Piñeiro, bos coñecedores da persoa e da obra pimenteliana, aseguráronme verbalmente en senllas ocasións que o protagonista deste poema estaba inspirado nun veciño de Lugo responsábel de abusos e asasinatos diversos durante a guerra civil.

e aperta, e o paxariño rebélase e non lle dá morrido e Lisardito Portela remata por meter a cabeza chiadora na súa boca e por trabar, morder con desesperación hastra que o sangue, o prumón escaso e a sesada lle revolven o bandullo, e trouxa coma un gato, tuse. Con ollos esbagullados olla a pucharca do gómito, o paxariño inerte no medio. Sóbor da súa testa un escribano tece siños apertados de berros e reviravoltas, enlouquecido. Lisardito cuspe, non logra alonxar os restos do pequeno cráneo machacado⁶.

Pero se a significación política do texto de Ferrín enlaza doadamente coa do poema de Pimentel, cómpre dicir que o tan brutal motivo do neno que mata un animal mordéndolle a cabeza é un xenuíno expoñente da característica expresión da violencia na obra ferriniana, como pode apreciarse na novela *Antón e os inocentes*, onde outro neno, que de maior será un violento mercenario, tortura un lagarto «que se debate furioso no seu puño»:

Faílle trabar un pano, retírallo despois nun suco e contempla encantado os dentes espetados no tecido. Sinte, logo, un odio urxente e súpeto contra o corpo que latexa antre os seus dedos. Decide matar: aperta. Aperta, furabolos contra cacha piollos, por tras das patas dianteiras, onde supón que estará o corazón. Baixo a presión intensa, o animalíño revólvese, arrabuña, abre desesperado a boca sin dentes, brúa⁷.

A continuación, o neno mata o lagarto en forma similar a como perece a cría de ave no conto antedito:

Por último, nun arrauto, mete a cabeza do lagarto na súa boca e trava. Aperta as queixadas, colle a testa antre as moas, remoe nela. Nota estralar os pequenos osos e un gosto frío na língoa. Tira no chan a carniza, pisa nela con ira. Cuspe carne branca, visgo. Síntese morrer, gomita. Toniño gomita, crea unha pucharca escura na que o lagarto aínda se estremece⁸.

O que realmente une a prosa de Feijoo co poema de Pimentel é o común espírito conmisericordioso e a compartida ideoloxía humanitaria que freire e médico profesaron, como se manifesta aquí a través da condena da crueldade cos animais e da compaixón a que os moven estes. Pero o matiz ideolóxico ou político que latexa no poema de Pimentel é o que verdadeiramente o enlaza, máis alá da coincidencia argumental, coa violencia, aparentemente excesiva ou mesmo gratuíta, presentada por Ferrín.

Claudio Rodríguez Fer
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

6. Xosé Luís Méndez Ferrín, *Elipsis e outras sombras*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 18-19. A segunda edición, Vigo: Galaxia, 1983, que restituiu ao libro o conto «Elipsis» e outras pasaxes omitidas na primeira por culpa da censura franquista -algunhas precisamente do relato «Prólogo»- non presenta novidades relativas ao noso caso.

7. Xosé Luís Méndez Ferrín, *Antón e os inocentes*, Monforte de Lemos: Xistral, 1976, pp. 47-48.

8. *Ibid.*, p. 48.